

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

Mónica Fernández Rodríguez, e Consuelo Martínez García deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar Mixto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

Os servizos sociais para a poboación non teñen distribución equitativa no territorio galego. Ourense é a única provincia galega que non dispón dun centro de continuidade para nenas e nenos con discapacidade física e psíquica. Pois a partir dos 21 anos que finaliza o período escolar nos centros de Educación Especial, estas persoas non poden continuar nesta provincia a súa formación, o plan pedagóxico e terapéutico, ao non dispoñer dun centro axeitado que dispoña de prazas de día como de prazas residenciais para aquelas persoas que non poden ser atendidas no domicilio ou para cando lles falten os pais.

A AMPA do Centro de Educación Especial Miño de Velle na cidade de Ourense está levando adiante as súas reivindicacións para que esta provincia teña un centro de titularidade pública. Subliñan que en Galiza existen catro, onde reciben a atención precisa de profesionais de diferentes disciplinas dende fisioterapia ata atención psiquiátrica. A falta de prazas públicas provoca o paradoxo que teñan que buscar este tipo de centro fóra da provincia e incluso fóra de Galiza provocando o afastamento co vínculo familiar. Ou se ven obrigados a aceptar as prazas concertadas pola Xunta noutras residencias asistenciais, que non lles ofrecen as mesmas garantías co centro específico dedicado a estas patoloxías.

Nos últimos días veñen de recibir o apoio institucional da Deputación de Ourense que se suma a outros apoios recadados pola AMPA.



Polo exposto, as deputadas que subscriben, formulan a seguinte **Interpelación:**

- Qué propósitos de actuación ten a Xunta de Galicia na atención a discapacitados a partir dos 21 anos no que finaliza o período escolar nos centros de Educación Especial?
- Ten analizada a Xunta de Galicia a demanda real e futura de centros de continuidade para nenas e nenos con discapacidade física e psíquica en Galicia?
- Vai a Xunta a crear un centro público de continuidade para os discapacitados físicos e psíquicos maiores de 21 anos en Ourense?
- Vai a Xunta a establecer mecanismos de colaboración para garantir a permanencia destas nenas e nenos no CEE Miño unha vez cumpridos os 21 anos mentres non se resolva a situación con carácter definitivo?

Pazo do Parlamento, a 02 de marzo de 2016

*Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez
Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

*Asdo.: Consuelo Martínez García
Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

Asinado dixitalmente por:

Mónica Fernández Rodríguez na data 02/03/2016 13:19:20

María Consuelo Martínez García na data 02/03/2016 13:19:29

